



Clasificación

Reino Animalia

Filum Mollusca

Clase Polyplacophora

Subclase Neoloricata

Orde Neoloricata

Familia Acanthochitonidae

Descrición

Poliplacóforo de forma ovalo-redondeada que pode chegar a alcanzar unha lonxitude de 60 milímetros por uns 30 milímetros de ancho. No dorso sobresaen as oito placas (valvas) moi arqueadas, con quillas redondeadas que finalizan en picos prominentes. As valvas están esculpidas por eixes lonxitudinais na quilla e os seus laterais densamente poboados de gránulos ovalados ou redondeados. O cinto, moi ancho, ten 18 grupos de sedas de ata 15 milímetros de altura, un a cada lado de cada unión das oito placas e catro rodeando a parte anterior da placa na cabeza dispostos en forma de arco; a súa superficie está recuberta de espiñas reclinadas, de ata 1 milímetro de altura, densamente dispostas que lle confiren un tacto aveludado. Cor variable verdosa, con tons abrancazados, amarelos, marróns e incluso rosados.



Hábitat e Bioloxía

Desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade, en zonas rochosas sobre rochas, nas gretas ou as baixo pedras. É un animal herbívoro, para iso a súa boca está provista dunha sólida rádula con varias filas de dentes moi mineralizados, cun alto contido en ferro e fósforo, que lle permite alimentarse incluso das algas calcarias; tamén se alimentan de algas unicelulares presentes no substrato, tales como diatomeas. Son animais de hábitos nocturnos. Presentan sexos separados.

Especies semellantes

Acanthochitona crinita (Pennant, 1777), é máis alongado e o seu cinto (zona dorsal que non está cuberta polas placas) é máis estreito, cos grupos de sedas á altura da metade de cada placa dorsal.

Acanthochitona discrepans (T. Brown, 1827), é máis alongado e presenta un cinto máis estreito, con ata 20 grupos de sedas dispostos á altura da metade de cada placa dorsal.

Distribución

Desde as Illas Británicas ata o Mediterráneo



Curiosidades

O nome da especie, *fascicularis* provén da palabra latina «fascis» que significa 'monllo, paquete', á que se lle sumou o sufixo «cul» que é un diminutivo (pequeno) e que se refire á posesión de espiñas reunidas en pequenos grupos.